



*Grupo Municipal Popular
Santiago de Compostela*

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Municipal Popular temos manifestado en diversas ocasións que a Praza do Obradoiro e o seu entorno deben de estar nas mellores condicións de conservación posibles xa que é o punto central a onde acuden os visitantes que cada ano recibimos na nosa cidade.

No lateral da sede do Reitorado da Universidade de Santiago de Compostela, o Pazo de San Xerome, atopamos un sinal, con indicacións para a zona monumental, que está desanclado do chan, apoiado nunha parede e con aspecto de abandono como se aprecia na foto adxunta. Ademais, este sinal recolle a indicación á Oficina do Peregrino que está xa desfasada xa que esta foi trasladada a súa nova ubicación na rúa Carretas. Tamén sería convinte modificar os sinais da rúa do Vilar que sinalan á Oficina de Atención ó peregrino que estaba nesta rúa dado que xa non está aberta nesta rúa.

Por este motivo, o Grupo Municipal Popular formula o seguinte ROGO:

Que o Concello proceda ao cambio da mencionada sinal por outra nova que recolla as indicacións correctas e que tamén se modifiquen as sinais da rúa do Vilar que aínda sinalan a oficina do peregrino desta rúa que xa se trasladou á rúa Carretas.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2016.



Teresa Gutiérrez

Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

